

CONTRATACION PARA A ELABORACIÓN E PRODUCCIÓN DE UNIDADES E MATERIAIS DIDÁCTICOS PARA A FORMACIÓN A TRAVÉS DE INTERNET

1. Contextualización

As persoas que forman parte do movemento cooperativo demandan, da súa parte, medios e ferramentas que lles permitan manterse actualizadas e adaptarse aos cambios que se producen na sociedade actual. A formación presencial é unha eficaz ferramenta para conseguir esta adaptación e a formación a través de internet, teleformación, é un moi eficaz complemento que axuda a facilitar a participación activa en accións de formación das persoas que non teñen dispoñibilidade de tempo e desprazamento para participar en accións formativas de carácter presencial.

Dende a Unión de Cooperativas Espazocoop, queremos facilitar estes procesos de formación e actualización as persoas socias, asalariadas e vinculadas ao tecido asociativo e empresarial de cooperativas e da economía social, incorporando sectores de actividade con potencialidade en procesos de emprendemento e consolidación para o cooperativismo e a economía social, mediante a elaboración e produción de materiais didácticos, na modalidade de formación a través de internet, de carácter inédito, e que permitan ampliar a programación formativa que a Unión ven ofrecendo ao sector cooperativo con novas especialidades

A seguir, detállase a información do prego de contratación para a elaboración e produción de materiais didácticos, na modalidade de formación a través de internet, que responde ao procedemento de contratación de ESPAZOCOOP para produtos e servizos e ás características específicas do servizo a contratar.

2. Obxecto do servizo a contratar

Contratación dun servizo de elaboración e produción en galego de unidades e materiais didácticos inéditos para a formación a través de internet, dentro da programación deste tipo de ESPAZOCOOP :

- Desenvolvemento e produción dos contidos e unidades didácticas para unha acción formativa de 80 horas de duración, no ámbito do tecido da economía social vinculada ao sector das TIC's.
- Desenvolvemento e produción dos contidos e unidades didácticas para unha acción formativa de 40 horas de duración, no ámbito do tecido da economía social vinculada á mellora do planeamento estratéxico no ámbito comercial .

Este servizo enmárcase dentro da programación de actividades solicitadas por ESPAZOCOOP para o período 2018-19, ao abeiro da convocatoria 2018 da Orde de axudas da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, destinadas ás entidades que forman parte da Rede Eusumo . A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Empleo y Seguridad Social.

Tarefas a desenvolver:

O desenvolvemento e a elaboración e produción de unidades e materiais didácticos inéditos creados para o seu uso na formación a través de Internet, supón a realización de toda as actividades precisas para a súa execución con garantías e calidade:

- 1.- Recompilación e escolla de información sobre a materia obxecto dos cursos. Bibliografía e webgrafía.

2.- Estruturación dos contidos da acción formativa en función da súa duración e deseño pedagóxico orientado á aprendizaxe online:

- Deseño do percorrido formativo.
- Ordenación dos contidos en unidades de aprendizaxe.
- Definición de obxectivos por unidades de aprendizaxe.
- Temporalización das unidades formativas.

3.- Edición dos contidos conceptuais en formatos válidos para a medición de resultados e seguimento da aprendizaxe en plataformas e-learning.

- Redacción e ordenación en árbores de contidos.
- Deseño e edición.
- Escolla de elementos multimedia de apoio (imaxes, esquemas...).
- Actividades de auto-avaliación de apoio.
- Escolla de recursos complementarios de interese.
- Edición en formato SCORM.
- Edición en formato PDF.

4.- Deseño de actividades prácticas para a acción formativa:

- Actividades de reforzo da aprendizaxe tipo test, encher ocos...
- Actividades de carácter grupal (comunicación e intercambio de información con ferramentas tecnolóxicas).
- Actividades de lectura e entrega.
- Actividades de avaliación.

Produtos a entregar

A adxudicataria do servizo deberá entregar :

- A totalidade dos módulos editados en soporte dixital cumprindo os requirimentos de Normativas SCORM 1.2.
- Todo o material relacionado cos módulos.
- As guías do alumnado e do profesorado.

O servizo desenvolverase en coordinación co persoal técnico de ESPAZOCOOP.

3. Destinatarias do servizo a contratar

De forma preferente, as cooperativas socias de ESPAZOCOOP.

4. Prazo de execución do servizo

- Desenvolvemento e produción dos contidos e unidades didácticas para unha acción formativa de 80 horas de duración, no ámbito do tecido da economía social vinculada ao sector das TIC's. **Prazo Execución e Entrega : Antes do 25/09/2018**
- Desenvolvemento e produción dos contidos e unidades didácticas para unha acción formativa de 40 horas de duración, no ámbito do tecido da economía social vinculada á mellora do planeamento estratéxico no ámbito comercial. **Prazo Execución e Entrega : Antes do 25/09/2019**

5. Orzamento do servizo a contratar

- Desenvolvemento e produción dos contidos e unidades didácticas para unha acción formativa de 80 horas de duración, no ámbito do tecido da economía social vinculada ao sector das TIC's.

Orzamento : 7.800,00 €

- Desenvolvemento e produción dos contidos e unidades didácticas para unha acción formativa de 40 horas de duración, no ámbito do tecido da economía social vinculada á mellora do planeamento estratéxico no ámbito comercial.

Orzamento : 4.350,00 €

Total Orzamento do Servizo a Contratar : 12.150,00 €

Os orzamentos detallados non inclúen o IVE.

Presentarase unha única oferta por cada licitadora, que inclúa a totalidade do servizo a contratar. A mesma deberá detallar o importe das diferentes partidas que compoñen o prezo total, por todos os conceptos e para cada acción formativa, así como o IVE en vigor, e o importe total en EUROS

6. Selección de ofertas presentadas

Os criterios de selección das ofertas presentadas serán :

Ser cooperativa afiliada a ESPAZOCOOP:	4 PUNTOS	Máx. 20%
Ser cooperativa non afiliada a ESPAZOCOOP	2 PUNTOS	
Ser sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción:	1 PUNTOS	
Experiencia Profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: - Experiencia + Garantías da entidade e CV das persoas socias (3) - Traballos anteriores satisfactorios coa Unión (2) - Cooperativa de nova creación (1)	Ata 4 PUNTOS	Máx. 20%
Proposta Técnica, inclúe melloras sobre a proposta. (<i>Se a proposta é a iniciativa da cooperativa socia resérvanse 2 puntos</i>)	Ata 6 PUNTOS	Máx. 30%
Grao de intercooperación:	Ata 1 PUNTOS	Máx. 5%

- Proxecto de Intercooperación con outras socias - Intercooperación en redes: COOP57, REAS, ... - Grao de participación nas actividades da Unión		
Oferta económica	Ata 4 PUNTOS	Máx. 20%
Medidas de Responsabilidade Social: Balance social, plans de igualdade, consumo e utilización de produtos e servizos respetuosos coa contorna, elaboración memorias de sostibilidade, colaboración con entidades sociais, etc...), e aquelas que se propoñan na propia proposta.	Ata 1 PUNTOS	Máx. 5%

No criterio de "Experiencia Profesional" considerárase solvente desde o punto de vista técnico, aquela licitadora que acredite o desenvolvemento de servizos coa mesma finalidade que os do obxecto desta contratación nos últimos tres anos, ben como a natureza multidisciplinar do equipo de traballo acaída o obxecto desta contratación.

O criterio de "Oferta Económica" ao tratarse dunha contratación con prezo fechado, non se terá en conta na altura da adxudicación do contrato.

Melloras a valorar :

- o emprego da lingua galega, alén dos produtos a entregar, nos documentos e actividades que conleve a presentación da oferta e realización do servizo.

6. Outra información de interese

- Para o non explicitado neste prego, terase en conta o protocolo de contratación de servizos de ESPAZOCOOP, que se poderá descargar do Web de ESPAZOCOOP no epígrafe de [Transparencia](#)
- Terán carácter contractual, alén do propio contrato de servizos, este prego de contratación e o protocolo de servizos de ESPAZOCOOP.
- Adxudicado o contrato, a súa eficacia ficará supeditada á obtención por parte de ESPAZOCOOP da aprobación do financiamento suficiente por parte da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para os servizos obxecto de contratación, sen que devindique dereito económico a favor das licitadoras, que aceptan de forma expresa esta cláusula ao presentar a oferta, se non se obtivese o financiamento da devandita Consellaría, e daquela a adxudicación ficaria sen efecto.
- A forma de pagamento realizarase através dunha soa transferencia bancaria por parte de ESPAZOCOOP, a conta que figure no contrato do servizo, de titularidade da adxudicataria, contra as facturas emitidas por esta á Unión unha vez realizado o servizo e aprobada a conformidade co mesmo por parte de ESPAZOCOOP.

7. Presentación de ofertas

Realizarase a través do correo-e patane@espazo.coop

Prazo : Até ás 14 horas do 22 de Xuño de 2018

Santiago de Compostela, 12 de Xuño de 2018

Constantino A. Gago Conde – Xerencia de ESPAZOCOOP